

*Auto do Castromil ou a
revolución dos baúles*

Manuel María

Homenaxe a D. Ramón Otero Pedrayo e á Empresa Castromil

PASO I

Santiago de Compostela. A vella administración da LIÑA DE AUTOS CASTROMIL: un fermoso edificio modernista ateigado de adornos rococó. Houbo quen o comparou, ollado desde fóra e superficialmente, cunha torta barroca e complicada, das que servía de postre ou sobremesa aos señores cóengos ilustrados —e non tan ilustrados— do século XVIII. Ao lado, o HOTEL COMPOSTELA, erguido onde foi a sede da Inquisición co seu capitel labrado por Asorei e a súa arquitectura de pazo das rías, deseñada por Gómez Román. No CAFÉ DERBY, ocupando o finestral que dá á pra za, a sombra de DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN, escoltada polos médicos DEVESA e VILLAR IGLESIAS e por BOROBO e BENITO VARELA JÁCOME. XESÚS REI ALVITE intenta facerlle unha interviú a VALLE- INCLÁN, que ameaza ao xornalista coa manga baleira da súa chaqueta sen brazo, sostida no aire misteriosamente.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO baixa, acompañado por FERMÍN BOUZA-BREY, XOSÉ MANUEL BEIRAS, GONZALO R. MOURULLO e FLORO MORÁN cara á ADMINISTRACIÓN DO CASTROMIL. Os dous DON RAMÓN saúdanse, sen palabras, cun aceno expresivo de mau.

Na ADMINISTRACIÓN DO CASTROMIL hai un barullo enorme de viaxeiros. O local está cheo de vultos e equipaxes que os mozos de corda moven dun lado para outro. Diante do edificio do CASTROMIL dous ou tres autos de liña cos motores acesos e os maleteiros e as portas abertas.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO vai á ventaiña, merca o seu billete e sobe para a berlina do auto que pon SANTIAGO-OURENSE. Acomódase. Os seus acompañantes fanlle unha especie de escolta de honra e agardan a que arrinque o auto.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Moitas grazas! Váianse xa! Non tiñan por que molestarse. Agradezo o seu xesto de caridade con este vello que xa comeza a ser unha pantasma do pasado.

FLORO MORÁN.- Este don Ramón...!

F. BOUZA-BREY.- *(Con certa ironía)* Ti sempre tan optimista ...

XOSÉ MANUEL BEIRAS.- Está máis mozo que todos nós. Hai que ver.

GONZALO R. MOURULLO *move os beizos como se fose falar. Pero cala.*

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Deica o luns que vén. Hoxe, pasada a Pontepedriña e o Castiñeiriño, non ollarei ese solemne petrucio que é o Pico Sagro, que sempre me saúda cortesmente facéndome un garimoso aceno pois o día está toldado. Quedarame o consolo de contemplar o Ulla fugazmente. Unha visión súpeta duns segundos como o fuxir dunha cobra. Xa Teixeira de Pascoaes dixo que viaxar en auto era como andar polo mundo de a cabalo dunha centella. Os vellos medimos o tempo doutro xeito.

F. BOUZA-BREY.- Sauda a todos os castros que atopes no meu nome.

XOSÉ MANUEL BEIRAS.- Sempre me asombrou que vostede nunca usase reloxo.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Xa olla, xa olla... Un aínda se guía polas sabencias dos antergos, dos pastores, labregos e mariñeiros. As horas estaban medidas e regoadas polo toque das campás dos mosteiros. Desde a Desamortización impúxose unha orde nova e xa os reloxos dos consistorios comezan a medir as présas dos funcionarios, que nunca teñen présa, dos banqueiros, dos comerciantes, da xente do común...

F. BOUZA-BREY.- Por certo: débesnos unha historia do século XIX. Ninguén a pode escribir coa túa sabencia e competencia.

FLORO MORÁN.- Coidadiño co tinto de Trasalba e coa augardente de herbas.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO (*dirixíndose a BOUZA-BREY*) .- Entre os meus papeis anda parte desa historia que foi a miña tese de doutoramento. Algún día terei de revisala. (*Dirixíndose a FLORO MORÁN*).- Vostede que é asturiano, afeito á sidra, quere a proba do meu viño! Non se preocupe: vaina ter! Estou máis pola augardente de herbas, feita co segredo das vellas fórmulas monacais, que ten nas súas cores os máxicos e infindos matices do outono galego, que polo licor café, agora tan de moda, do que dixo Cunqueiro era un invento dos Taboada de Tor. Por certo: o Señorito de Tor cando vivía en Compostela, antes da Guerra do Catorce...

O CHOFER sobe á berlina do auto, pecha a porta, dálle as boas tardes a DON RAMÓN OTERO PEDRAYO e arrinca Hórreo abaixo.

Os acompañantes de DON RAMÓN OTERO PEDRAYO fanlle coa man acenos de despedida. DON RAMÓN OTERO PEDRAYO saca a testa pola ventaiña do auto. E aínda di:

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Deica o luns...! Xa lles contarei o que aconteceu co Señorito de Tor. Era moi boa persoa e moi chocante.

As derradeiras palabras de DON RAMÓN OTERO PEDRAYO xa non chegan aos seus destinatarios. O SEÑOR DE TRASALBA comeza a falar co CONDUCTOR DO AUTO comentando o que vai ollando.

PASO II

Entre Lalín e o Reino, o auto de liña vai de vagar, facendo un ruído continuo, rouco e monótono. DON RAMÓN OTERO PEDRAYO entrecerra os ollos e sente como unha modorra deleitosa que o mantén nunha semi-vela .

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO (*falando para si*).- Estaba moi saborosa a empanada de lamprea cociñada pola irmá do Señor Arcebispo, que me honra convidándome a xantar unha vez por semana. Unha empanada que non desdirá ao pé das que se servían na mesa de Xelmírez cuxo retrato nos deixou, pra regalía das idades, nos capiteis do seu comedor. Xelmírez era un semi-arousán nacido na ribeira do Ulla e sabía destas cousas. Logo, aquel tinto de Barrantes coa súa agulla tan xeitosa. Por certo: teño que indicarlle a D. Fernando que cómpre plantar unhas viñas arcebispais para uso litúrxico da Santa Igrexa Catedral Basílica Metropolitana, unha das dúas grandes parroquias da Cristiandade, e tamén para a mesa da Súa Eminencia Reverendísima. O Papa ten, de vello, as súas propias viñas en Palermo. E mesmo os Papas de Aviñón, cando o Cisma, plantaron as súas propias viñas. Alí quedou o *Chateau-neuf-du-Pape*, unha verdadeira regalía. Conviría elixir ben o lugar para facer a plantación dos viñedos: quizais no Ribeiro, no Salnés, no Condado de Salvaterra ou no Valdeorras, cuxas vides participan das formas barrocas compostelás e da cortesía gótica da vella corte do Reino de León que era o noso, aínda que o reino verdadeiro –só había un– era a Galiza, onde residía a capitalidade espiritual –que é a verdadeira–, a nobreza e as terras farturentas. León era algo así como a cabeza dun campamento militar pra reconquistar as terras en poder do mouro. En fin...

Breve pausa. Ademais do silencio, escóitase unha música axeitada. Quizais unhos anacos de «Festa na Tolda», do mestre Gustavo Freire.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- ...pois ao que iamos. A nosa Santa Igrexa Metropolitana podía ter as súas viñas propias como é de lei e de razón: no Salnés, no Ribeiro, no Condado de Salvaterra, no Valdeorras ... Viñas especializadas en brancos, tintos e claretos.

Bébase pouco clarete na Galiza. O clarete é un viño de alivio. Un viño de entretempo como se dixeramos. E os galegos somos graves e irónicos. O tema levaríanos a moitos e fondos cavilares. Excelente asunto para un longo ensaio con citas de Virxilio...

...Boa persoa e bo pastor don Fernando malia a estes tempos menesterosos e difíciles. Le os escritores da Galiza e fala un fermoso galego de Maceda. Aínda hai pouco me comentou o *Terra Brava*, de Ánxel Fole e *Os eidos*, de Novoneyra ... Que fará Fole en Lugo...? Que novos poemas ensoñará Uxío sentindo o fondo e amantiño cantigar das fontes e dos ceos caurelaos...? Xa sendo Párroco de Santa Eufemia en Ourense ou profesor do seu Seminario Conciliar, a súa palabra servíume de luz e guía. Por influencia de Vicente Risco, de Floro Cuevillas, de Filgueira e de Iglesias Vilarelle e quizais de min mesmo colaborou en *Logos* co seudónimo de Diego Pazos. *Logos* foi un fermoso voceiro do galeguismo católico que se malvou como tantas cousas... Don Fernando era daquela un crego novo, aberto, falador, simpático e cheo de humanidade ...

Todos os venres eu, indigno e humilde fillo da Igrexa, teño a honra de compartir, pola súa bondade e caridade para comigo, mesa e manteis coa súa Eminencia Reverendísima. Como é sabido no pazo arcebispal os venres gárdase vixilia en memoria da morte de Xesús. Don Fernando, bromeando, dime que me convida a facer penitencia ... Mais nunca falta boa pescada con ervellos como a min me sabe... Desde que se inventaron os conxeladores para os barcos xa non nos é dado comer unha boa pescada como mandan as regras ... Que tempos, Señor, que tempos ...!

Faise un silencio.

Unicamente se escoita o ruído do motor do auto de liña, cunha respiración dificultosa e asmática.

O CHOFER vai enteiraamente adicado á súa tarefa. Ao chegar ás curvas fai un movemento co corpo como se tivese que empurrar e levar ao auto coa súa propia forza.

Fóra a PAISAX E queda un intre inmóbil ollando con curiosidade como pasa o AUTO DE LIÑA. E sorpréndese.

Acotación importantísima:

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO dorme, coa testa degolada sobre o peito. O seu aspecto é anxélico ou, se se prefire, totalmente beatífico.

A luz desta escena, sen esaxeración, será a dunha tarde chumba e bastante tristeira.

PASO III

O AUTO DE LIÑA detense nun ermo para que descenda del un pasaxeiro.

Os MALETEIROS do AU TO DE LIÑA ábrense, como o tesouro de Aladino, coa súa boca enorme e disforme. Dela saen VALIXAS, BAÚLES, MALETAS, EMBRULLOS, PETATES. Móvense en redondo como as peonzas .

Soben ao AUTO DE LIÑA e espulsan del aos VIAXEIROUS ou PASAXEIROUS que, sorprendidos, non dan reaccionado ante o súpeto e inagardado do ataque.

O BAÚL INNOMINADO intálase na berlina e séntase perto do CHOFER ao que apunta cunha pistola como a que usaban os vaqueiros do Oeste americano. A pistola apoia a súa boca no costado dereito do CHOFER.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO segue a durmir como un bendito e NON SE DECATA DE NADA.

BAÚL INNOMINADO (ao CHOFER).- Contigo non é nada. Sigue o teu camiño. E non pées.
CHOFER.- Pero eu...

BAÚL INNOMINADO.- Obedece ou disparo. Non penso andar con chiquitas nin consideraciós.

CHOFER.- Perde coidado. Comigo non terás problemas de ningunha clase.

BAÚL INNOMINADO.- Non agardaba menos de ti

CHOFER.- Isto é verdadeiramente incríbel. Se non o ollo non o acredito. Se eu non soño, quen vos deu vida? Nunca tal cousa se ollou desde que o mundo é mundo.

BAÚL INNOMINADO.- Un soño. Deunos a vida un soño

CHOFER.- Non é posíbel!

BAÚL INNOMINADO.- Pois así é. Ti mesmo o podes comprobar. Os teus ollos non menten.

CHOFER.- Non me dou explicado nin podo comprender como acontecen estas cousas. Estarei verdadeiramente esperto? Por outra banda, hoxe non catei pinga de alcol.

BAÚL INNOMINADO.- Non soñas. Estás vivindo un feito real e verdadeiro.

CHOFER.- Hai cousas que non teñen unha explicación natural.

BAÚL INNOMINADO.- Un home sóñate. Se o seu soño ten forza de abondo chega a materializarse. Este é o caso.

CHOFER.- E se o soñador para de soñar, que é o que acontece...?

BAÚL INNOMINADO.- Poden acontecer dúas cousas.

CHOFER.- Que cousas?

BAÚL INNOMINADO.- Que o soño, aínda que teña forza, non a teña nunha medida suficiente.

Daquela, cando o soño abandona o seu soñador, morre o soño. Ou que a forza do soño sexa de tal potencia que remate por facelo unha entidade propia, independente do soñador.

CHOFER.- Ti que clase de soño es?

BAÚL INNOMINADO.- Non o sei. E non podo informarte. Iso mesmo me teño preguntado a min mesmo moitas veces.

CHOFER.- Entón ti...

BAÚL INNOMINADO.- Nisto dos soños ocorre o mesmo que coas sementes e valla a comparanza. Incluso coa humana. Unha planta deita na terra a súa semente e nace unha nova planta distinta. Un home fai un fillo, con amor ou sen el, e se se logra, é independente do pai e da nai. Comprendes agora?

CHOFER.- Algo comprendo.

Apágase a luz da berlina e ilumínase a parte do AUTO DE LIÑA destinado aos VIA XEIROUS ou PASAXEIROUS, ocupada agora por algúns BAÚLES, MALETAS, FARDELOS...

A iluminación dará unha sensación de irrealidade. Incluso se pode usar unha néboa difuminada como a que teñen algúns poetas líricos nos miolos.

BAÚL DO CASTRAPISTA.-

Mi bochita

imaginó

y concibió

esta viaxe bonita.

Linda cosa, si señor,

el bruído del motor!

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Sempre condenados a andar nos maleteiros e nas bacas. Aquí imos como señores de consideración e respecto. Dá gusto ir onde adoitan ir as persoas!

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Sinto non ter un bo cigarro habano pra ir trompeado, moi recreado e fachendoso, no meu asento. Eu, afeito a ollar as paisaxes demoradamente dun xeito canso desde as costas do meu dono, sei apreciar ben esta regalía que agora desfruto. A velocidade é unha cousa barbarísima. E fermosísima !

BAÚL DO CASTRAPISTA.-

Vós nunca habedes visto mundo

y no sabés lo que es el viajar.

El sacreto más profundo
consiste en nunca parar.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Non digas parvadas. Eu sempre ando dun lado para o outro co meu mostrario dentro, maltratada por todos os mozos de corda e durmindo nos lugares máis estraños, desde as fonduchas das vilas con pretensións deica os comercios mixtos da aldea. Odio a aldea e o ruralismo. A aldea é o atraso. Menos mal que eu lle levo as novidades que hai no mundo: medias de cristal para as mulleres e pinturas para os beizos, brocas para os carpinteiros, alacates e outras ferramentas para os mecánicos. Que sei eu...! Se non fose por min non sei que sería da xente. Viviría nun atraso e nunha ignorancia enorme.

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Non sexas fachendosa. O único que levas ti é bisutaría barata. O progreso é outra cousa moi diferente. Confundes elegancia con *cursilaría*. E progreso con cacharraría e trapallada.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO. (*agresiva*).- Vasme dicir a min, piollosa do carafio...?
BAÚL DO CASTRAPISTA .-

Este vuestro desentendimiento,
como es doado comprobar,
es fruto del aburrimiento
y el no saber viajar.

Aburrimiento,
como dice un sabio americano
con su saber soberano,
viene de auntamiento
y de burro
que es lo mesmo que zurro
y que cazurro.

No sengades analfabetos,
sotretas,
mangantes,
atorrantes,
y paletos.

Así no llegaredes a altas metas
y quedaredes en las cunetas.

El ser bien aducado
lleva mucho adelantado
para que lo consideren culto.
Diegade, pois, todo insulto
y que remate este asunto.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Non é culpa miña. Eu non comecei. No meu ánimo non está ofender a ninguén. Xa se sabe: por aí adiante hai de todo. Atopa un cada teixugo fóralle Deus a alma.

MACUTO DO VAGAMUNDO (*conciliador*).- Cadaquén é cadaquén e estas discusións non levan a ningures. Por min, todo esquecido.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.-Esquecido queda!

BAÚL DO CASTRAPISTA.-

Así se portan los demó-cratas
como gentes finas y distinguidas
y no diciendo paridas
como locos o piratas
o animais de catro patas.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Ese señor que vai durmindo na berlina din que é un sabio.

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Unha das grandes figuras que deu o país en todos os tempos. O meu amo ten un libro, que eu transportei moitas veces, que fala del. Incluso lembro o que di. Escoitade con toda atención:

Semella unha serra, un alto cume;
a forza do Miño enorme e cantador;
o mar misterioso, terríbel, bruador;
unha fogueira anterga; un ledó lume.
É todo luz, paixón, sorpresa, amor;
segura e incombíbel certidume;
a conciencia do cosmos e o costume
dunha asombrada mirada aberta en flor.
É orballo, brisa, vento, furacán;
a esencia da paisaxe transcendida,
viva memoria do onte e do mañán.
El é a enorme promesa ben cumprida:
a estrela que alumou ao noso chan
e o gran regalo que nos fixo a vida!

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Teño batido con ese señor en moitas vilas e cidades, en varios autos de liña e mesmo nos desaparecidos trens mixtos. Sempre me chamou a atención o seu porte distinguido e a súa figura erguida e ben plantada.

MACUTO DO VAGAMUNDO .- Nas miñas peregrinaxes tamén o teño atopado nos lugares máis insólitos: contemplando un mencer, ollando o solpor, camiñando lentamente polos recunchos das vellas cidades e do rural, no cume dun monte, escoitando o rumor do vento que pasa e ouvindo a música das augas. A súa ollada semellaba organizar horizontes e a súa palabra é como a voz da terra. Mesmamente como se o universo rachase a falar.

BAÚL DO CASTRAPISTA.-

Hasta inclusive los coterráneos de Caracas
quieren llevar allá ese señor
que, como orador, no lo hay mejor.
Y allá los de Caracas
lo han recibir a golpe de maracas.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Ben cavilado. En todo o Caribe a maraca é o instrumento musical máis apreciado. Como se dixesemos aquí a gaita do fol.

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Que barbaridade! Que cousas se lles ocorren!

BAÚL DO CASTRAPISTA .-

La maraca es moderna y civilizada
y la gaita del fol una antigüidade
que dicho sea en honor a la verdade
no vale para nada.

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO/MACUTO DO VAGAMUNDO (*a coro*).- Déixate de prosmeiradas e non sexas patufo e desleixado !

BAÚL DO CASTRAPISTA.-

A mí ningún vagamundo o viajante
me pone el pie delante
pues tengo más cultura
que cualquiera padre cura.
En América hay tal altura
y tal finura
que los babis a los años dos
ya no creen en Dios.
Y no presumades
de aquello que ñorades.

MACUTO DO VAGAMUNDO/MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO (a coro).- Vaiche boa ...! En boas maus anda o pandeiro ...!

A MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO. e o MACUTO DO VAGAMUNDO comencan a rir a cachón.

O BAÚL DO CASTRAPISTA queda desconcertado e quizais avergoñado. Ou talvez as dúas cousas. Enrubece como unha cereixa ben madura.

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Teño unha idea! Unha grandísima idea..!

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Que idea é esa...?.

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Podiamos levar ao noso ilustre viaxeiro a Barajas. Desde alí xa pode apañar o avión que o transporte a Venezuela!

MALETA DO VIAXANTE DE COMERCIO.- Boa idea! Non puidiches ter iniciativa máis feliz.

O MACUTO DO VAGAMUNDO abre a pequena fiestra que hai entre a berlina e o resto do AUTO DE LIÑA e dille ao BAÚL INNOMINADO:

MACUTO DO VAGAMUNDO.- Arreando para o aeroporto de Barajas! Andando xa!

BAÚL INNOMINADO.- Está ben! Así triparemos mundo. Viaxar é un verdadeiro pracer. Ademais, segundo din, ilustra moito.

Escuro. Discorren unhos intres que se encherán cunha competente música axeitada ao caso.

O AUTO DE LIÑA chega, por fin, ao Aeroporto Internacional de Barajas.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO baixa tranquilamente, saca o seu billete, vai á cafetería, pide un café duplo en vaso de vidro. Así que toma o café diríxese á Oficina de Telégrafos e comeza a escribir telegramas aos amigos. O seu contido é este:

«QUERIDO AMIGO: AQUÍ ME TEN NO AEROPORTO DE BARAJAS DISPOSTO A TOMAR O CASTROMIL DO AIRE».

Así que cursa os telegramas queda pensativo.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO .- Fáltame algo. Non sei ben o que. Que será...? Pois non caio...

(Queda unhos intres caviloso e bate coa palma da mau aberta na testa).

Xa sei! Fáltame Fita! Non podo ir a ningures sen Fita! Teño que voltar a Ourense ou a Trasalba a recollela. Eu só non podo ir De ningún xeito!

Longo silencio. Soa unha música suave. Luz de mencer na que poden máis as claridades do día que a escuridade da noite. Muda a escena totalmente.

O AUTO DE LIÑA pega un freazo moi brusco. DON RAMÓN OTERO PEDRAYO ESPERTA SOBRESALTADO. Olla en todas as dirección.

O AUTO DE LIÑA vai cheo de VIAXEIROS OU PASAXEIROS correntes.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO (ao CHOFER).- Que acontece...? Hai algunha novidade...?

CHOFER.- Non hai ningunha novidade. Tiven que frear bruscamente pra non matar un can. Botou unha boa sestiña, eh...?

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Botei, por certo. Xa estamos chegando a Ourense. Nas viaxes nunca durmo. Ao contrario: vou sempre cos ollos ben abertos. É estraño o que me aconteceu hoxe...

CHOFER.- E logo...?

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Nada, nada! Durmín unha boa sesta. Quizais eu daría un bo

cóengo da catedral de Ourense e un regular da de Santiago de Compostela. Ao mellor errei o meu oficio. Calquera sabe! Os cóengos composteláns son moi sabios, pero algo fachendosos. Por iso raramente sae un bispo do seu Cabido... Ouza, e se un día a equipaxe que viaxa connosco se sublevase e nos expulsase aos viaxeiros ou pasaxeiros e sentasen eles no auto, facéndose dona del? Eses enormes baúles abrindo as súas bocas monstrosas e engulíndonos ... Que lle parece?

CHOFER.- Que cousas se lle ocorren, don Ramón ! Vostede está de broma. Que conserve ese bo humor moitos anos. Coa súa compañía a viaxe non se sente.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Non tanto, non tanto. Un xa é un vellestorio escanastrado, unha pantasma do pasado que naceu no século dezanove...

CHOFER.- Sempre coa mesma teima. Ao mellor di esas cousas para que o chamemos mozo. Semella vostede de vinte e cinco anos!

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Van bos os vinte e cinco anos...!

O AUTO DE LIÑA chega á súa Administración de Ourense. Báixanse os pasaxeiros ou viaxeiros, entre eles DON RAMÓN OTERO PEDRAYO. Estano agardando, entre outros, DONA FITA, D. MARCELO MACÍAS, D. PRIMITIVO R. SANJURJO, NOGUEROL, PEÑA REI, LEUTER, VICENTE RISCO, FLORO CUEVILLAS, FAILDE GAGO, PREGO...

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO queda sorprendidísimo. Non sabe que facer -el que é tan falador-nin que dicir. Cando aínda non saíu do seu abraio adiantase RAMÓN CASTROMIL, cun papel na man.

RAMÓN CASTROMIL.- Queridísimo e admirado D. Ramón: sobran os discursos. A empresa que represento noméao a vostede a perpetuidade VIAXEIRO DE HONRA DO CASTROMIL. Aquí ten a súa credencial.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO dálle unha grande aperta a RAMÓN CASTROMIL, así que recolle a credencial.

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO.- Non sum dignus...! Non sei como agradecer esta honra que me fan. Teña en conta que, cando morra, negareime a ir ao ceo se non é no CASTROMIL. No outro mundo non andarei en máis auto que no CASTROMIL. De non ser así, camiñarei sempre a pé.

Soa unha fermosa música de piano composta para a ocasión, maxistralmente executada por RAMÓN CASTROMIL. A música vai medrando deica facerse unha explosión de son. E cando chega ao seu máximo

CAE O PANO, SE O HAI, E REMATA ESTE AUTO